

II PREMIO DE ENSAIO BREVE ETSac

OBXECTIVOS

No DÍA MUNDIAL DO URBANISMO co fin de fomentar a investigación en lingua galega en temas relacionados co urbanismo, promover a implicación do alumnado a respecto da nosa lingua no ámbito en que desenvolve as súas actividades e estimular a reflexión da mocidade sobre a situación actual e as perspectivas de futuro neste ámbito, o Servizo de Normalización Lingüística, que depende da Vicerreitoría de Cultura e Comunicación, en colaboración coa Comisión de Normalización Lingüística da Escola Técnica Superior de Arquitectura da Coruña convoca o II PREMIO DE ENSAIO BREVE ETSac de acordo coas seguintes

BASES

1. TEMA

O tema que se vai desenvolver na presente convocatoria é: **Desenvolvemento económico e protección do territorio. Contradición ou oportunidade?**

2. CONCURSANTES

Poderá concorrer a este premio calquera persoa matriculada no sistema universitario galego.

3. PREMIOS

A contía dos premios será a seguinte:

- Un premio de 1500 euros
- Tres accésit de 500 euros cada un

O premio poderá declararse deserto, caso de o xurado considerar que os traballos presentados non responden aos criterios que figuran na convocatoria.

A dotación destes premios financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 9890.9995.422D.480.08 (Premios Normalización Lingüística).

4. CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS

O ensaio, redactado en galego, non debe superar a 3500 palabras e non incluírá imaxes de ningún tipo.

5. LUGAR E FORMA DE PRESENTACIÓN

Os ensaios faranse chegar á Secretaría da Dirección da ETSac, campus da Zapateira, s/n; 15071 A Coruña, nun sobre que conterá: a) o texto do ensaio en soporte papel e dixital identificado unicamente cun lema e b) outro sobre opaco que no seu exterior reproduza exactamente ese mesmo lema e no seu interior teña os datos precisos para identificar o/a autor/a.



6. PRAZOS

As propostas deberán entrar no rexistro da ETSac antes das 14:00 h do luns 16 de novembro de 2009. A resolución do xurado será inapelable e daráselle a publicidade conveniente nun prazo de 10 días desde esta data.

7. XURADO

O xurado estará composto polas seguintes persoas:

- a) Plácido Lizancos Mora, subdirector da Escola Técnica Superior de Arquitectura (ETSA)
- b) Fernando Agrasar Quiroga, secretario do Departamento de Composición Arquitectónica
- c) Goretti Sanmartín Rei, directora do Servizo de Normalización Lingüística
- d) Xosé Henrique Acuña, xornalista
- e) Araceli Sanjuán Pedreira, directora da biblioteca da ETSA
- f) Juan Manuel Doce Porte, secretario da ETSA, que o será do xurado e que actuará con voz mais sen voto

8. PUBLICIDADE

Co fin de difundir os valores polos que nace este concurso, os participantes autorizan a ETSac a publicar os seus ensaios nas publicacións propias da Escola de Arquitectura da Coruña, inclusive na súa web oficial www.udc.es/etsa, na web do Servizo de Normalización Lingüística www.udc.es/snl ou en calquera outro medio de comunicación. Só se revelará a identidade dos premiados.

A participación no concurso supón aceptar estas bases.

A Coruña, 9 de outubro de 2009

O vicerreitor de Cultura e Comunicación

Luís Caparrós Esperante